



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POLO
PROCEDIMENTO ABERTO E URXENTE DAS OBRAS DO PROXECTO DE
ACONDICIONAMENTO DE MURO DE CONTENCIÓN DA RUA GONDERAN**

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 9 de decembro do 2010 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras para o “Acondicionamento de muro de contención da Rúa Gonderan”.

Resultando admitidas as empresas que se indican a continuación:

- Servicios y contratas Casa Maestra, S.L.
- Construcción técnica GCM, S.L.
- Servicios y contratas GEO, S.L.
- Eiriña S.L.
- A Sampana
- Faro, S.L.U.
- Sercoysa Proyectos y Obras, SLU
- Construcciones Crespo, S.A.
- Obras y Construcciones Dios, S.A.
- Construccions, obras e viais, S.A.
- Obras, reformas y saneamientos, S.L. (ORES)
- Construcciones Sevillano y Sotillo, S.L.
- Construcciones Paraxe, S.L.
- Proyecta actividades profesionales de la construcción, S.L.
- Reformas visercons, SLU.



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

Nas FEC, apartado 16.1.1. a), establécense os criterios valorables mediante xuízo de valor, sendo textualmente os seguintes:

a) Programa de traballo

Valorarase ata un máximo de **20 (vinte) puntos** a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver.

No mesmo, especificaranse as distintas fases de execución da obra.

Dado o carácter subxectivo deste criterio de valoración, neste programa de traballo non se reflectirá o número de traballadores.

A valoración deste concepto será detallada do seguinte xeito:

▪ **Proposta do proceso constructivo: 10 puntos.**

Detallado do seguinte xeito:

Descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes..... 5 puntos.

- Concédese 5 puntos a aquelas propostas que presenten unha descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes axustado á realidade da mesma e as súas condicións de implantación.
- Concédese 4 puntos a aquelas propostas que presenten unha descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes axustado á realidade da mesma e as súas condicións de implantación e que non acaden un grao de desenvolvemento comparable ó indicado no anterior apartado.
- Concédese 3 puntos a aquelas propostas que presenten unha descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes cun alto grao de xeneralidades.
- Concédese 2 puntos a aquelas propostas que presenten unha descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes cun alto grao de xeneralidades e presenten ou pouco desenvolvemento ou pouca definición das actividades da obra.



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

- Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten unha descrición e estudo da actuación e os seus condicionantes cun alto grao de xeneralidades e presenten pouco desenvolvemento e pouca definición das actividades da obra.
- Concédesele 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben que o que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución.

Desenvolvemento das unidades de obra..... 5 puntos.

- Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un desenvolvemento das unidades de obra a executar axustado á realidade da mesma e ás súas condicións de implantación.
 - Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un desenvolvemento das unidades de obra a executar axustado á realidade da mesma e ás súas condicións de implantación e que non acaden un grao de desenvolvemento comparable ó indicado no anterior apartado.
 - Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten un desenvolvemento das unidades de obra a executar cun alto grao de xeneralidades.
 - Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten un desenvolvemento das unidades de obra a executar cun alto grao de xeneralidades e presenten ou pouco desenvolvemento ou pouca definición das actividades da obra.
 - Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten un desenvolvemento das unidades de obra a executar cun alto grao de xeneralidades e presenten pouco desenvolvemento e pouca definición das actividades da obra.
 - Concédesele 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución.
- **Proposta de coherencia programa-prazo execución das obras: 5 puntos.**

Detallado do seguinte xeito:



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

- Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo do prazo de execución das obras con respecto ao programa e ás características das mesmas. Considerase necesario indicar a existencia e incidencia de factores redutores da produtividade no traballo (climatoloxía, imprevistos, etc), a organización de equipos de traballo e o cálculo do seu rendemento e estudo de incidencias de obras urbanas, todo isto adaptado á obra en cuestión.
- Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo do prazo de execución das obras con respecto ao programa e ás características das mesmas que non acaden un grao de desenvolvemento comparable ao indicado no anterior apartado. Considérase necesario indicar a existencia e incidencia de factores redutores da produtividade no traballo (climatoloxía, imprevistos, etc), a organización de equipos de traballo e o cálculo do seu rendemento, todo isto adaptado á obra en cuestión.
- Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo do prazo de execución das obras con respecto ao programa e ás características cun alto grao de xeneralidades.
- Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo do prazo de execución das obras con respecto ao programa e ás características cun alto grao de xeneralidades e presenten ou incongruencias ou escasa xustificación.
- Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten un estudo do prazo de execución das obras con respecto ao programa e ás características cun alto grao de xeneralidades e presenten incongruencias e escasa xustificación.
- Concédesele 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución.

▪ **Proposta Diagrama de Gant** **5 puntos.**



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

- Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo pormenorizado en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudo do prazo de execución das obras. Considérase necesario indicar aspectos como o camiño crítico, o cadro de investimentos e intervalo de planificación diario.
- Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo pormenorizado en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudo do prazo de execución das obras e presenten solamente dous dos tres aspectos indicados no apartado anterior.
- Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo pormenorizado en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudo do prazo de execución das obras e presenten soamente un dos tres aspectos indicados no primeiro apartado.
- Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo pormenorizado en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudo do prazo de execución das obras pero non presenten nin camiño crítico, nin cadro de inversións nin intervalo de planificación diario.
- Concédesele 1 punto a aquelas propostas que teñan un carácter xenérico, aplicable a calquera tipo de obra.
- Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben que o que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución.

b) Plan de control de calidade. 10 puntos

Valorarase ata un máximo de **10 (dez) puntos** o plan de calidade das obras a executar.

Teranse en conta os seguintes criterios:



Área de Servizos Xerais

Expte. 506-440

- **Ensaio control de calidade 5 puntos**
 - Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade axustado ás características da obra, pormenorizado con especificación das probas propostas e das unidades a executar.
 - Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade axustado ás características da obra, con especificación das probas propostas e das unidades a executar que non acaden un grao de desenvolvemento comparable ao indicado no anterior apartado.
 - Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grao de xeneralidades, con especificación das probas propostas e das unidades a executar.
 - Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grao de xeneralidades, con ou escasa especificación das probas propostas ou escaso desenvolvemento das unidades a executar.
 - Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grao de xeneralidades, con escasa especificación das probas propostas e escaso desenvolvemento das unidades a executar.
 - Concédesele 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben que o que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución.

- **Plan de calidade de autocontrol interno 5 puntos.**
 - Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla: estudo específico de xestión de residuos, traballos específicos de I+D+i, xustificación de estar en posesión da ISO 9001, ISO 14001 e ISO 18001.
 - Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla catro dos apartados indicados no epígrafe anterior.



Área de Servizos Xerais

Expte. 506-440

- Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla tres dos apartados indicados no primeiro epígrafe.
- Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla dous dos apartados indicados no primeiro epígrafe.
- Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla un dos apartados indicados no primeiro epígrafe ou que presenten unha descripción detallada do plan de calidade interno.
- Concédesele 0 puntos a aquelas propostas que non presenten ningún dos apartados indicados no primeiro epígrafe ou que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben que o que se presente teña graves incorreccións.

c) **Melloras cuantificadas economicamente.**

Valorarase ata un máximo de **10 (de) puntos** en base aos seguintes criterios:

- Os licitadores presentarán as súas ofertas de melloras cuantificadas economicamente e debidamente ordenadas, sen que o seu importe total poida exceder do 5% do tipo de licitación. Non obstante, a cuantificación económica que prevalecerá será a que establezcan os servizos técnicos municipais nos seus informes.
- Só se admitirán aquelas melloras pola orde proposta que contén co destino previsto no apartado 6.2. destas FEC; o resto serán rexeitadas.
- A asignación da puntuación por este criterio farase proporcionalmente ao importe das melloras aceptadas con arranxo á seguinte fórmula.

$$P = 10 * \frac{\text{Importe total melloras da oferta a considerar}}{5 \% \text{ do importe de licitación}}$$

Onde P é a puntuación a outorgar á oferta.

- O Contratista non terá a obriga de executar as melloras rexeitadas.



Área de Servizos Xerais

Expte. 506-440

d) Memoria de prevención de riscos laborais.

O contratista aportará neste apartado relación de medidas que se disporán ao longo da execución da obra, en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, así como actividades que se desenvolverán ao longo da obra para minimizar os riscos laborais. Este apartado valorarase ata un máximo de 5 puntos. A documentación a presentar para este criterio terá un máximo de 20 follas a unha cara en formato DIN A4.

A puntuación deste apartado será asignada do seguinte xeito:

- Concédesele 5 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo pormenorizado da obra que se pretende executar, axustado á realidade da mesma e ás súas condicións de implantación.
- Concédesele 4 puntos a aquelas propostas que presenten un estudo da obra que se pretende executar, axustado á realidade da mesma e ás súas condicións de implantación pero con pouca definición ou pouco desenvolvemento das actividades e medidas a adoptar durante a obra.
- Concédesele 3 puntos a aquelas propostas que presenten unha memoria cun alto grao de xeneralidades, e presente desenvolvemento e definición das actividades e medidas a adoptar durante a obra.
- Concédesele 2 puntos a aquelas propostas que presenten unha memoria cun alto grao de xeneralidades, e presenten ou pouco desenvolvemento ou pouca definición das actividades e medidas a adoptar durante a obra.
- Concédesele 1 punto a aquelas propostas que presenten unha memoria cun alto grao de xeneralidades, con pouco desenvolvemento e pouca definición das actividades e medidas a adoptar durante a obra.
- Concédesele 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben que o que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución ou ben que non cumpran coas condicións indicadas para este punto no Prego de Condicións.



Área de Servizos Xerais
Expte. 506-440

VALORACIÓN DAS OFERTAS

Analizadas, según estes criterios, as distintas ofertas, os resultados son os que se detallan na táboa que se achega:

AC/ec

Vigo, 14 de decembro de 2010

O Xefe de Área de Servizos Xerais




Asdo. Alvaro Crespo Casal



Concello de Vigo
 Área de Servizos Xerais
 Expte. 506/440

Acondicionamento do Muro de contención da Rúa Gonderán

| EMPRESA | A | B | C=A+B | D | E | F=C+D+E | G | H | I=G+H | IMPORTE ACEPTADO MELLORAS | J | K | L=F+I+J+K |
|---|--|---|--|--|--|--|--|--|--|---------------------------|----------------------------------|---|------------------|
| | DESCRIPCIÓN E ESTUDIO DA ACTUACIÓN E OS SEUS CONDICIONANTES (5 PUNTOS) | DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DE OBRA (5 PUNTOS) | TOTAL PROCESO CONSTRUCTIVO (10 PUNTOS) | TOTAL PROPOSTA COHERENCIA PROGRAMA - PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS (5 PUNTOS) | TOTAL PROPOSTA DIAGRAMA DE GANT (5 PUNTOS) | TOTAL PUNTOS PROGRAMA DE TRABAJO (20 PUNTOS) | ENSAIOS DE CONTROL DE CALIDADE(5 PUNTOS) | PLAN DE CALIDADE DE AUTOCONTROL INTERNO (5 PUNTOS) | TOTAL PUNTOS PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (10 PUNTOS) | | TOTAL PUNTOS MELLORAS (7 PUNTOS) | MEMORIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (5 PUNTOS) | PUNTUACIÓN TOTAL |
| SERVICIOS Y CONTRATAS CASA MAESTRA, S.L. | 0 | 3 | 3 | 0 | 3 | 6 | 0 | 1 | 1 | 0,00 € | 0,00 | 2 | 9 |
| CONSTRUCCIÓN TÉCNICA GCM, S.L. | 2 | 4 | 6 | 3 | 4 | 13 | 4 | 1 | 8 | 2.474,58 € | 6,40 | 2 | 26,4 |
| SERVICIOS Y CONTRATAS GEO, S.L. | 0 | 3 | 3 | 0 | 3 | 6 | 0 | 1 | 1 | 0,00 € | 0,00 | 1 | 8 |
| EIRIÑA, S.L. | 3 | 5 | 8 | 3 | 4 | 15 | 4 | 2 | 6 | 3.869,09 € | 10,00 | 3 | 33 |
| A SAMPANA | 0 | 4 | 4 | 0 | 4 | 8 | 0 | 1 | 1 | 0,00 € | 0,00 | 2 | 11 |
| FARO, S.L.U | 4 | 5 | 9 | 4 | 4 | 17 | 4 | 1 | 5 | 3.854,18 € | 9,90 | 2 | 33,96 |
| SERCOYSA, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. | 4 | 5 | 9 | 4 | 4 | 17 | 4 | 1 | 5 | 3.854,18 € | 9,90 | 2 | 33,96 |
| CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. | 4 | 5 | 9 | 4 | 5 | 18 | 5 | 2 | 7 | 2.677,96 € | 6,92 | 2 | 33,92 |
| OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. | 3 | 3 | 6 | 4 | 4 | 14 | 4 | 1 | 5 | 3.241,36 € | 8,38 | 2 | 29,38 |
| CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. | 4 | 5 | 9 | 4 | 5 | 18 | 4 | 3 | 7 | 3.819,57 € | 9,87 | 4 | 38,87 |
| OBRAS Y REFORMAS Y SANEAMENTOS, S.L (ORESA) | 3 | 4 | 7 | 3 | 4 | 14 | 3 | 1 | 4 | 0,00 € | 0,00 | 1 | 20 |
| CONSTRUCCIONES SEVILLANO Y SOTILLO, S.L | 2 | 4 | 6 | 0 | 4 | 10 | 0 | 1 | 1 | 623,61 € | 1,61 | 2 | 14,61 |
| CONSTRUCCIONES PARAXE, S.L. | 4 | 4 | 8 | 3 | 4 | 15 | 4 | 3 | 7 | 3.711,86 € | 9,80 | 3 | 34,59 |
| PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCION, S.L. | 3 | 4 | 7 | 3 | 5 | 15 | 4 | 3 | 7 | 2.149,21 € | 5,70 | 2 | 29,55 |

O Xefe de Área de Servizos Xerais
 Asdo. Álvaro Crespo Casal